

## A metafísica como ciencia do ser

### 1.1. A fundación da metafísica

#### Definición de metafísica

A palabra «metafísica» fai alusión a un tipo de saber que noutras épocas considerábase superior ao saber da ciencia física.

Dende ese punto de vista, as diversas concepcións históricas que se deron da metafísica parecen ter en común a pretensión de que é posible un coñecemento de realidades, polo menos hipotéticas, situadas máis alá da percepción que obtemos a través dos sentidos.

Polo tanto, a **metafísica** defínese como ciencia do ser, dos entes en si en canto algo máis fundamental que as meras aparencias fenoménicas. En definitiva, a metafísica é o intento de descubrir realidades últimas a través de principios racionais e non de análises empíricas.

Os dous grandes filósofos gregos da época clásica, Platón e Aristóteles, precedidos por Parménides, concibiron a metafísica como o tipo de saber mediante o que se pretende contrarrestar o escepticismo e o relativismo.

#### A metafísica segundo Platón

Platón afirma que existe e que é posible coñecer a verdade que está por enriba das diversas opinións particulares subxectivas.

Segundo Platón, para coñecer a verdade hai que ir máis alá dos datos que proporcionan os nosos sentidos para captar o que as **cousas son en si mesmas**, xa que o que percibimos són só as aparencias das cousas. Máis alá desas aparencias está o **mundo das esencia**s ou **ideas**, ao que pertence tamén a nosa alma e onde reina o **ben**.

Para articular esta convicción, Platón propuxo as seguintes concepcións:

- En primeiro lugar, deseñou un **dualismo metafísico** que distingue entre o **mundo intelixible** (o mundo das ideas) e o **mundo sensible** (o mundo das aparencias).
- A continuación, elaborou unha teoría do coñecemento na que diferencia entre **ciencia** (coñecemento do mundo intelixible) e simple **opinión** (coñecemento do mundo sensible).
- Tamén formulou unha concepción do ser humano formado de **alma** e de **corpo**.
- Finalmente, aplicou estas teorías para desenvolver unha doutrina ética baseada na xustiza e unha concepción política na que propón unha determinada forma de organización da sociedade.

#### A metafísica segundo Aristóteles

Aristóteles, que foi un dos discípulos de Platón na Academia, reconstruíu o concepto de metafísica como teoría da substancia e como fundamento de todos os saberes.

Fronte a Platón, que ensinaba que o verdadeiro ser está nas ideas e na súa finalidade, Aristóteles considerou que o verdadeiro ser é a **esencia** que se desenvolve na aparencia.

É dicir, Aristóteles non admitía que o ser ou a causa das cousas constituía un mundo á parte, debaixo ou máis alá das aparencias sensibles (o mundo platónico das ideas). Para Aristóteles, o **ser** é a realidade dos seres, captada por medio dos conceptos como **esencia dos devanditos seres**, a cal é común ao conxunto dos feitos que comprende. Por exemplo, o concepto ser humano é a esencia común a todos os seres humanos. Deste modo, os fenómenos empíricos constitúen a realización mesma desa esencia.

#### A filosofía en persoa

**Platón** (428-348 a. C.) foi un pensador da época clásica da filosofía grega, discípulo de Sócrates e mestre de Aristóteles. Case todos os seus textos están escritos en forma de diálogo e son protagonizados por Sócrates. Defende, fronte ao escepticismo dos sofistas, que é posible lograr o coñecemento da verdade (*episteme*) por enriba da diversidade das opinións (*doxa*) subxectivas. Para conseguilo, hai que ir máis alá dos datos que proporcionan os sentidos. O que percibimos son só as aparencias das cousas, pero máis alá delas está o mundo das ideas ou esencia, ao que pertence a nosa alma e en cuxa cúspide se sitúa a



idea do ben. O coñecemento consiste no recordo (*anamnese*) destas ideas. Ás tres partes das que se compón a alma humana (razón, vontade, instintos) correspóndenlles tres virtudes específicas (sabedoría, fortaleza e moderación), que deben prevalecer, respectivamente, en cada unha das tres clases sociais que compoñen a «república» ou cidade ideal (gobernantes, gardiáns, traballadores) para alcanzar a xustiza na alma e na cidade. Diso conclúese que a filosofía debe proporcionar o fundamento adecuado ás decisións políticas, polo que han de gobernar os que cheguen a coñecer a idea do ben.

## 1 A metafísica como ciencia do ser

### Textualmente

«Hai unha ciencia que estuda o ser, en tanto que ser, e os atributos que, de seu, lle pertencen. Esta ciencia, polo demais, non se identifica con ningunha das denominadas particulares. Ningunha das outras [ciencias], en efecto, se ocupa universalmente do ser, en tanto que ser, senón que tras seccionar diso unha parte, estuda os accidentes desta: así, por exemplo, as ciencias matemáticas.

E posto que buscamos os principios e as causas supremas, é evidente que estes teñen que selo necesariamente dalgunha natureza propia. E certamente, se tamén buscaban estes principios os que buscaban os elementos dos seres, tamén os elementos tiñan que ser necesariamente elementos do ser, non accidentalmente, senón en tanto

que algo que é. De aí que tamén nós debamos alcanzar as causas primeiras do ser, en tanto que ser.»

Aristóteles, *Metafísica*, IV, 1003

- 1 Como define Aristóteles o obxecto da filosofía? Que se estuda mediante este saber?
- 2 Como se distingue no texto entre o saber filosófico e o saber das ciencias?
- 3 Aristóteles diferencia entre o ser que é esencialmente e o que é por accidente. Que quere dicir ao establecer esa distinción? Explica coas túas palabras e po algún exemplo.

### 1.2. A sistematización escolástica da metafísica

Na metafísica escolástica, que se desenvolve entre os séculos XII e XIV, séguense e reinterpretáanse os principios aristotélicos, e caracterízase por:

- Unha concepción da filosofía como **busca e contemplación de verdades últimas**.
- A aceptación da **abstracción** como operación fundamental do coñecemento, entendido este como captación de esenciais universais metafísicas.
- Unha categorización e unha fundamentación da verdadeira realidade na **posibilidade de demostrar a existencia de Deus**.

En concreto, na filosofía escolástica, a metafísica estrutúrase nas seguintes partes:

- **Propedéutica**: xustificación da posibilidade, do método e da estrutura da metafísica.
- **Ontoloxía**: trata do ser en xeral, das súas propiedades transcendentais, das súas causas e dos seus modos de ser particulares que prescindin da materia.
- **Teodicea**: ciencia que estuda a causa primeira (Deus), por analogía, desde os seus efectos creados.
- **Crítica**: estudo do ser do coñecemento, incluídos os primeiros principios válidos para as outras ciencias.

Na Idade Moderna, Descartes seguiu mantendo, aínda que nun contexto distinto, a validez da noción metafísica de substancia (fundamental para Aristóteles e na escolástica, e que agora era, na súa filosofía, a substancia pensante —*res cogitans*— ou a substancia corpórea —*res extensa*—), a validez dun método dedutivo, a demostrabilidade da existencia de Deus e a vixencia dun coñecemento universal e abstracto.

### 1.3. A pregunta polo ser

Na tradición metafísica, «**ser**» é a palabra utilizada para designar a existencia en sentido fundamental, da que dependen os «seres» como conxunto das súas manifestacións expresións concretas.

Así o consideraba Aristóteles, para quen «o ser dise de moitas maneiras», ou sexa, pode predicarse de moitas cousas aínda que só un é o seu significado esencial.

Xusto desta **diferenza entre a unidade do ser e a multiplicidade das súas aparencias ou concrecións** ocupábase a metafísica clásica como ciencia do ser en canto ser.


O obxectivo do saber metafísico non era outro que perseguir un significado xeneralizable do ser a partir dunha determinada modalidade privilexiada de seres, sendo esta elección a que marca a diferenza entre as distintas correntes de sistemas metafísicos.

Postúlase, pois, unha **ciencia do ser en si** en canto algo máis fundamental que as meras aparencias fenoménicas das cousas concretas que se mostran aos nosos sentidos.

### Glosario

**Ser**: en contraposición ao devir, o ser enténdese como a realidade que permanece inalterable ao cambio e que constitúe o substrato do que están compostas todas as cousas. Neste sentido, pódese entender como a esencia que configura cada cousa individual, cada substancia, como o que realmente é máis alá dos seus cambios accidentais e como a realidade fundamental que está máis alá dos entes particulares. Noutro sentido, Tomé de Aquino equipara ser con existencia, necesaria en Deus, contingente nas criaturas.

### A filosofía en persoa



**Parménides** (540-450 a. C.) foi un filósofo grego anterior a Sócrates. Propuxo a primeira teoría metafísica do ser e da verdade. Segundo Parménides, só o ser, que permanece eternamente estable, é, mentres que o cambio, o devir, non é. A pluralidade e a transformación das cousas, que percibimos a través dos sentidos, son só simples aparencias enganosas. Por iso, o verdadeiro coñecemento, a «vía da verdade», é que o ser é, en contraposición á «vía da opinión común». Influíu decisivamente en Platón.

### O ser en Parménides

Na orixe da filosofía, Parménides atribuíulle ao ser a condición de **necesario**, é dicir: o propio do ser é que non pode non ser, e, polo tanto, ha de estar fóra do tempo e ser eterno, inmutable e único.

### A concepción do ser de Aristóteles

Tamén Aristóteles privilexiou o carácter de necesidade como distintivo da estrutura formal do ser, que se realiza na **substancia**, reconducíndose a ela os demais significados do ser.

Deste modo, a necesidade do ser ofrece ao saber a posibilidade de ser ciencia; pois, con Aristóteles, a necesidade do ser na orde ontolóxica tradúcese en necesidade da causalidade na orde física (é necesario que unha causa idéntica produza sempre efectos idénticos) e en necesidade da dedución na orde lóxica (a conclusión do razoamento siloxístico séguese «necesariamente» das premisas).

### O ser de Deus e das cousas na escolástica medieval

Na metafísica escolástica, pola súa banda, atribuíase a necesidade do ser e os seus atributos de unidade, de eternidade... a **Deus** como substancia máis elevada e perfecta, sendo entendida, entón, a relación entre o ser de Deus e o ser das demais cousas en termos de creación e de participación.

Deus é o ser que non depende para existir de nada externo a si mesmo, idea que se repite logo cando se afirma que, xunto á necesidade do ser de Deus, o ser das demais cousas radica na necesidade coa que **derivan da substancia divina**.

### Textualmente

«Pois ben, direiche, escoita con atención a miña palabra, cales son os únicos camiños de investigación que se poden pensar:

un, que é e que non é posible non ser; é o camiño da persuasión (acompaña, en efecto, a verdade)

o outro, que non é e que é necesario non ser.

Amosareiche que este sendeiro é por completo inescrutable; Non coñecerás, en efecto, o que non é (pois é inaccesible nin o mostrarás).

Parménides, *Poema*, Fragmento 28 B 2.

- 1 Como entende Parménides o ser, segundo expón o texto?
- 2 Que dúas formas de coñecer pode seguir o ser humano?

### Actividades

- 1 **O espello.** En que se opón a metafísica de Aristóteles á interpretación de Platón?
- 2 Como se entende o ser na metafísica?
- 3 Que significa a atribución de Parménides ao ser da condición de «necesario»? Enumera as características que recoñece no ser.
- 4 Que estuda a teodicea como parte da metafísica, segundo a escolástica?
- 5 Explica como se concibe a Deus na escolástica medieval.



*Deus existe por si mesmo, mentres que as cousas son creadas por el (Francesco Bassano, A reconvenção a Adán, Museo do Prado, Madrid).*

## 2

# Os problemas da ontoloxía

## 2.1. Ser, substancia, esencia e existencia

Para **Aristóteles**, a **substancia** é o **propio ser**, que permanece idéntico a el mesmo baixo as transformacións que poden experimentar os seus atributos accidentais.

Aristóteles distinguiu a **substancia primeira**, que identifica co suxeito individual, e a **substancia segunda**, que é o xénero ou a especie en tanto que suxeitos dunha proposición.

Na **Idade Moderna**, definiuse a **substancia** como o que é por si e para si, **sen necesitar de ningún outro ser para existir**.

Na metafísica tradicional, a **esencia** dunha cousa enténdese como o que responde á pregunta: **que é tal cousa?** Se na resposta o predicado atribuído ao suxeito establece unha relación necesaria entre ambos os dous termos, fálase de esencia substancial ou necesaria, non diferenciándose da «substancia».

Un exemplo desta esencia substancial sería o caso, segundo Aristóteles, de cando se responde á pregunta «que é o ser humano?» mediante a definición «animal racional».

Como Aristóteles, **Tomé de Aquino** definiu a **esencia** como **o común a todas as naturezas** en virtude do cal unha pluralidade de entes é ordenada e clasificada en xéneros e en especies. Por exemplo, todos os seres humanos comparten a humanidade. Agora ben, posto que o común que determina a formación de xéneros e de especies é o contido da súa definición, a esencia é a natureza ou a substancia.

Pola súa banda, a **existencia** designa **o feito de ser**. É distinta da esencia como o posible é distinto do real; é dicir, é posible concibir unha cousa (esencia) que non exista na realidade. Por exemplo, podemos definir a esencia dun triángulo como un polígono de tres lados sen que exista na realidade o debuxo concreto de ningún triángulo. A existencia de triángulos concretos non afecta, pois, a súa esencia.

## 2.2. A aparencia e a realidade

Aínda que o que se entenda por «realidade» haxa de fixarse desde uns supostos ontolóxicos e epistemolóxicos determinados, sempre deberá poder diferenciarse do que se considera simple aparencia.

O uso de «aparecer» por oposición a «ser» é de sentido común e tamén unha tradición constante na filosofía metafísica.

Entón, o termo «aparencia» pode entenderse en dous sentidos:

- Como algo que **oculta a realidade verdadeira**: neste sentido, o termo «aparencia» dá lugar a unha concepción do coñecemento como intento dunha superación da aparencia (cambiante e pasaxeira) ata acceder ao «en si» (nesta interpretación, sostense a relación de oposición entre a verdade e a aparencia).
- Como a **manifestación ou expresión da realidade mesma**: neste outro sentido, o termo «aparencia» implica un concepto do coñecemento como deixar mostrarse, o que se nos aparece (desde este punto de vista, sostense a relación de semellanza ou a identidade entre a verdade e a aparencia).

Parménides e Platón foron, talvez os máximos representantes dunha consideración da aparencia como obxecto do coñecemento sensible, do que só poden derivarse opinións, pero nunca unha ciencia, cuxo obxecto é o ser inmutable e eterno.

Para Aristóteles, non obstante, a aparencia é, como tal, algo neutral, é dicir, pode ser verdadeira ou falsa, correspondendo ao xuízo da razón determinar a súa verdade ou a súa falsidade.

### Textualmente

«Agora ben, toda esencia ou *quididade* pode ser entendida sen que se entenda algo do seu ser; de feito, podo entender que é o home ou a ave fénix, e non obstante ignorar que exista ou non na natureza. Polo tanto, é evidente que o ser é outra cousa que a esencia ou a *quididade*, a menos que exista algún ser cuxa *quididade* é o seu mesmo ser; e esta realidade non pode ser senón única e a primeira, posto que é imposible que se dea unha multiplicación de algo, a non ser pola adición dalgunha diferenza, como se multiplica a natureza do xénero ou da especie; ou porque a forma recíbese en diferentes materias, como se multiplica a natureza da especie en diversos individuos; ou porque unha cousa é absoluta, e outra é recibida nun suxeito, coma se se dese unha calor separada, sería distinta da calor non separada pola súa mesma separación. Pero se se pon unha realidade que sexa só ser, de modo que o mesmo ser sexa subsistente, este ser non recibirá adición de

ningunha diferenza, porque non será só ser, senón ser e ademais algunha forma; e moito menos recibirá a adición dunha materia, porque entón non sería un ser subsistente, senón material. Por conseguinte, hai que concluír que esa realidade que é o seu ser non pode ser senón única. E polo tanto, resulta tamén que, en calquera outra realidade, fóra dela, unha cousa é o ser e outra a súa *quididade* ou natureza, ou forma. Polo tanto, é necesario que nas intelixencias se dea o ser ademais da forma, e por iso díxose que a intelixencia é forma e ser».

Tomé de Aquino, *Do ente e a esencia*, cap. IV, 33.

- 1 Que dous tipos de realidades distingue Tomé de Aquino en función da relación entre a súa esencia e o seu ser (a súa existencia)?
- 2 Cal é a diferenza entre o «home» e a «ave fénix» citados no texto? E, á súa vez, entre estes e Deus?

## 2.3. A explicación da permanencia e do cambio

A partir da diferenza entre realidade e aparencia pode comprenderse que o principal problema na orixe da filosofía grega, para os chamados «filósofos presocráticos», fose **como comprender o cambio e o devir no Universo**: se as cousas cambian, que son de verdade?

Para comprender o problema, poñamos un exemplo. Se unha cousa pasa de ser branca a ser verde, entón é e non é branca; se algo que era deixa de ser, resulta que a mesma cousa é e non é.

A multiplicidade e a contradición penetran, deste modo, no ser mesmo das cousas. Entón, a filosofía grega faise a pregunta sobre que son as cousas de verdade, é dicir, sempre, por detrás das súas moitas aparencias.

Para resolver esta cuestión, apélase á raíz permanente e inmutable das cousas que subxace baixo a súa multitude de aspectos e que é superior a esa multitude e capaz de dar razón dela. Por isto, o verdadeiramente interesante é a pregunta inicial da filosofía: que é a natureza ou o principio de onde emerxe todo?

### Glosario

**Devir**: enténdese o devir como o oposto ao ser, que é a realidade que subxace a todo cambio e que é capaz de transformarse na multiplicidade das cousas. Parménides e Heráclito representan as solucións extremas ao problema do devir: Parménides negao, pois significaría o paso do non-ser ao ser, ou viceversa, pero o non-ser non existe; Heráclito afirma que todo cambia. Aristóteles propón unha solución intermedia: o devir é o paso da potencia ao acto, e a potencia é o que aínda non é, pero que pode chegar a ser.

### Actividades

- 1 Que diferenzas podes sinalar entre ser, esencia e substancia?
- 2 Entendes a distinción entre esencia e existencia que propón Tomé de Aquino? Explicaa e pon algún exemplo.
- 3 Explica os dous sentidos do termo «aparencia» e a relación contraposta de ambos os dous coa verdade.
- 4 Explica en que consiste o problema do cambio na filosofía grega. Por que lles resulta tan difícil explicalo?

Con respecto ao devir, Aristóteles ofrece a explicación máis elaborada. Para iso, acuña a dobre relación entre materia e forma, e entre potencia e acto.

A partir desta dobre relación, Aristóteles concibe o **devir ou acontecer no mundo** como o proceso no que a esencia, da mera posibilidade ou potencia, transfórmase en algo real (acto) grazas á forma.

As esencias non constitúen unha segunda e máis elevada realidade para Aristóteles, que se separa nisto de Platón.

As esencias só existen na serie das súas manifestacións, pois fóra destas non é posible a súa realización. Así, o xeral non é real máis que no ámbito do individual, e o individual só existe porque niso se realiza o xeral.

### A filosofía en persoa



**Heráclito** (545-480 a. C.) foi un filósofo grego anterior a Sócrates, coñecido como o «escuro» polo seu estilo, dirixido intencionadamente a poucas persoas. A súa doutrina é oposta á de Parménides. Segundo Heráclito, nin no Universo nin no ser humano hai nada estable, fronte á eterna estabilidade do ser que defendía Parménides. Para Heráclito, toda a realidade está suxeita a un fluxo continuo, a un proceso constante de cambio e de transformación. Como símbolo deste devir interminable, Heráclito propón o lume, que todo o consume e só el permanece.

### Textualmente

«Heráclito di nalgunha parte que todas as cousas se moven e nada está quieto, e comparando as cousas existentes coa corrente dun río di que non te poderías somerxer dúas veces no mesmo río.

Algúns mesmo afirman que non é que unhas cousas se movan e outras non, senón que todas están en constante movemento, aínda que este feito escape á nosa percepción sensorial».

G. S. Kirk, e J. E. Raven, *Os filósofos presocráticos*, cap. VI.

- 1 Heráclito é un filósofo grego contemporáneo de Parménides. Como define o ser?
- 2 Compara a concepción do ser de Heráclito, expresada na súa comparación do ser coa corrente dun río, coa de Parménides. Coinciden en algo ambas as dúas interpretacións? En que se diferencian?

## ② Os problemas da ontoloxía

### Textualmente

«[...] afirmo que o movemento é a actualización do que está en potencia, en tanto que tal.

Que é verdade o que dicimos maniféstase polo seguinte. E é que, cando o edificable —en tanto que dicimos que é tal— está a actualizarse, estase a edificar, e isto é a edificación. E de modo semellante o proceso de aprender, curar, pasear, saltar, envellecer, madurar. E o movemento acontece cando se dá a realización mesma, nin antes nin despois. E o movemento é [a actualización] do que está en potencia,

cando se actualiza ao realizarse, pero non en tanto que é el mesmo, senón en tanto que é móbil».

Aristóteles, *Metafísica*, XI, 9, 1065b.

- 1 Explica como define Aristóteles o movemento neste texto.
- 2 Trata de explicar o problema do movemento na filosofía grega relacionando as distintas formas de concibilo que propuxeron Parménides, Heráclito e Aristóteles.

## 2.4. Modelos explicativos da natureza

### O organicismo

Aristóteles ofrece o primeiro gran modelo explicativo da natureza comportándose como unha **totalidade organizada**, na que cada unha das partes remite ao todo, pois o todo é o que as dota de sentido, á vez que é irredutible á soa suma das partes. Esta teoría coñécese como **organicismo**.

Segundo esta concepción, todo no mundo é **actividade e movemento**, pois o mundo é un conxunto de **cambios de forma** nun substrato material subxacente, e, á vez, unha suma de transformacións **do potencial ao actual**.

Para Aristóteles, a **harmonía do mundo** é esta sucesión de cambios de forma e de sucesivas actualizacións de potencialidades, que só é explicable se existe unha primeira substancia cuxa esencia é movemento sen ningunha clase de potencialidade.

A este primeiro movente chámalo Aristóteles «**Deus**», porque é eterno, entidade e acto, que «move, sen moverse».

### O mecanicismo

O mecanicismo é a teoría oposta ao organicismo e desenvolveuse, sobre todo, na época moderna a partir do pensamento de Descartes, que concibía os corpos como máquinas, en estreita relación cos avances da ciencia moderna e moi ligado ao determinismo.

Dende o punto de vista do **mecanicismo**, o mundo é un sistema de corpos en movemento que funciona do mesmo modo que unha máquina.

O mecanicismo oponse á hipótese dunha finalidade ou teleoloxía á que a natureza tenda en última instancia; desde el afirmase, en cambio, un **determinismo rigoroso** que encadea os fenómenos da natureza de acordo co principio de causalidade.

O mecanicismo non só foi un xeito teórico de concibir os fenómenos que se estudan na física, senón que, sobre todo a partir do século XVIII, constituíu tamén un principio explicativo moi importante noutras ciencias, como, por exemplo, a bioloxía, a psicoloxía e mesmo a socioloxía.

### Textualmente

«Hai, tamén, polo tanto, algo que move. E como o que está en movemento e move é intermedio, hai certamente algo que move sen estar en movemento e que é eterno, entidade e acto. Agora ben, deste modo moven o desexable e o intelixible, que moven sen moverse. [...]

Do dito resulta evidente, por conseguinte, que hai certa entidade eterna e inmóbil e separada das cousas sensibles. Foi igualmente demostrado que tal entidade non ten en absoluto magnitude, senón que carece de partes e é indivisible. En efecto, move por tempo ilimitado, pero nada limitado posúe unha potencia ilimitada, e, polo dito, pode ter unha magnitude limitada, nin tampouco ilimitada, xa que non existe en absoluto magnitude ilimitada

ningunha. Ademais, [queda demostrado] que é imposible e inalterable, pois os demais movementos son posteriores ao local.

É, pois, evidente que estas cousas son así».

Aristóteles, *Metafísica*, XII, 7, 1072a-1073a.

- 1 Fai unha lista na que enumeres as características que Aristóteles atribúe a esa entidade que é a causa do movemento do mundo.
- 2 Esa entidade ten dúas características esenciais: a eternidade e a inmovilidade. Xustifica por que este primeiro motor ha de ser así para que permita explicar o movemento.

## 2.5. O azar e a necesidade

Na **Antigüidade**, a **necesidade** consistía no destino como orde inmutable de todas as cousas. Non obstante, a necesidade, ou o destino, era compatible coa existencia da **Fortuna**, unha deusa caprichosa e arbitraria nas súas decisións.

Cando **Aristóteles** pensa no azar, defíneo como unha causa accidental de efectos accesorios, que reviste, non obstante, a **aparencia** dunha finalidade.

Con esa definición, **Aristóteles** parece caricaturizar o fatalismo popular, pero isto non impide que se siga vendo no azar a **produción** dun suceso excepcional que escapa ao determinismo.

No século XIX, o matemático **Antoine Cournot** formulou a **súa teoría das series paralelas**, segundo a cal o azar consiste na combinación ou no encontro de acontecementos que pertencen a series causais independentes unhas doutras.

Por exemplo, unha persoa atravesa unha ponte para cruzar un río no mesmo momento no que a ponte se derruba. Neste caso, segundo **Cournot**, habería un encontro entre o propósito desa persoa de cruzar a ponte e a degradación química e mecánica da ponte.

Supoñendo, pois, unha especie de determinismo de fondo, en matemáticas crese posible, mediante a «lei dos números grandes», discernir estatisticamente os fenómenos aleato-

rios. Cada fenómeno quedará indeterminado en si mesmo, pero é posible ter un coñecemento previo do conxunto ao que pertence.

Así pois, o azar queda excluído como tal sempre que se acepte unha concepción mecanicista e determinista como explicación do que sucede no Universo.

Cando esa interpretación mecanicista e determinista se rexeita, o **azar** aparece como expresión dunha indeterminación na natureza e na historia que fai posible entender a liberdade humana como unha forza de transformación e de creatividade efectivas.

En consecuencia, a necesidade é o oposto á **continxencia**, que designa o que pode non ser ou o que pode ser doutro xeito a como é.

Con **Aristóteles**, a necesidade toma un carácter científico, o da **dedución** na orde lóxica (a conclusión do siloxismo séguese «necesariamente» das premisas) e o da **causalidade** na orde física (é «necesario» que unha causa idéntica produza sempre efectos idénticos).

Pola súa banda, na **escolástica** aplícase a categoría de necesidade a Deus, para indicar que **non depende de nada externo a si mesmo**.

Na época moderna, **Leibniz** e **Kant** falan dunha **necesidade moral** para indicar o carácter da lei moral, que obriga dunha forma categórica a todos os seres humanos.



Na Antigüidade, os seres humanos pensaban que o destino gobernaba a súa vida (ánfora decorada con Ulises e as sereas, cerámica grega de figuras vermellas, século V a. C., British Museum, Londres).

### Textualmente

«Defino a necesidade de dúas maneiras de acordo coas dúas definicións de causa, da que constitúe un elemento esencial. Sitúo a necesidade, ou na unión e conxunción constante de obxectos similares, ou na inferencia da mente para pasar dun ao outro. Agora ben, nestes dous sentidos, a necesidade foi universalmente admitida como pertencente á vontade do home, aínda que, o mesmo nas escolas que no púlpito e na vida ordinaria, se fixese isto dun modo tácito: ninguén pretendeu negar nunca a posibilidade de realizar inferencias acerca das accións humanas nin que estas inferencias estean baseadas na experiencia da unión de accións similares con motivos e circunstancias similares».

D. Hume, *Tratado da natureza humana*, vol. 2, parte II.

- 1 Por que a noción de necesidade ten que ser relacionada, tal como se di neste texto, coa noción de causa?
- 2 Que significa vincular a necesidade «como pertencente á vontade do home», como fai Hume neste texto, e que consecuencias ten?

## 2.6. O determinismo e a liberdade

Nos ámbitos da ciencia e da filosofía considérase que a liberdade de elección por parte dos seres humanos é ilusoria e que hai un **determinismo** que nos impulsa a actuar sempre do xeito como o facemos. Por exemplo:

- Determinánnos as leis naturais que afectan a todos os seres vivos ou as leis sociais e xurídicas que nos impoñen obrigas pola forza.
- Determinánnos tamén as calidades e as limitacións físicas e mentais coas que nacemos, que non eliximos.
- Determinánnos a educación que recibimos, a nosa familia, os nosos conflitos infantís...

Pódese dicir, entón, que existe o libre albedrío? Non son as accións humanas o produto dunha longa e complicada cadea de causas e efectos que obriga a que sexan como son e que non poidan ser doutro modo?

A **concepción determinista do mundo** está presidida pola idea dunha orde inmutable e constante nas relacións entre todos os fenómenos do Universo.

### Glosario

**Determinismo:** teoría segundo a cal todas as accións dos seres humanos están sometidas a leis naturais, físicas, xenéticas, sociais..., e, polo tanto, a liberdade non é máis que unha ilusión sen fundamento. A nosa crenza na liberdade basearíase principalmente no descoñecemento das causas que nos determinan. Esta concepción tería raíces nalgunhas relixións e nalgunhas crenzas supersticiosas (astroloxía), pero desenvolveuse especialmente co triunfo da ciencia moderna e da proposta do modelo mecanicista do Universo (Pierre-Simon Laplace).

### Glosario

**Libre albedrío:** expresión que alude á capacidade de autodeterminación dun individuo e á posibilidade de elixir entre varias opcións sen dependencias nin coaccións externas. Para Kant, mentres que o ámbito da natureza está rexido por un completo determinismo que discorre cunha necesidade inalterable, o libre albedrío ten o seu lugar propio no dominio da moral, pois a liberdade é, para el, a característica principal do espírito. Con iso, Kant deixa entrever que o principio da libre decisión e da libre actuación pertence estruturalmente á existencia humana.

## O desenvolvemento da ciencia moderna e o determinismo

O desenvolvemento da ciencia moderna, que se produciu en loita constante contra a superstición e en favor dunha racionalización do mundo, impuxo a idea dunha **orde cósmica** regulada polo principio de causalidade.

Dende o punto de vista da ciencia moderna, o mundo é unha rede perfectamente articulada de causas e efectos, trabados nunha harmonía autosuficiente cuxa actividade se repite invariable e mecanicamente.

A ciencia é capaz de descubrir as leis que rexen esta orde mecánica, poñendo á disposición do ser humano un elevado poder de dominio técnico. A previsión certa dos acontecementos futuros baséase neste determinismo.

Polo tanto, a **aparente indeterminación da acción humana**, ou sexa, a **ilusión da liberdade**, deberíase, en realidade, ao feito de que somos incapaces de coñecer todas as leis que rexen a natureza e todas as relacións de causa-efecto que se producen detrás de cada acción.

O concepto de determinismo, se non a palabra mesma, xurdiu nos séculos XVII e XVIII cando se impuxo o modelo mecanicista da física clásica.

Segundo este modelo, Pierre-Simon Laplace, astrónomo e discípulo de Isaac Newton, enunciou o principio determinista por excelencia: unha poderosa mente imaxinaria que coñecese nun instante dado todos os feitos que acaecen no mundo e as leis ás que están sometidos podería coñecer tamén todos os acontecementos pasados e futuros para calquera outro instante.

### Textualmente

«Unha intelixencia que nun momento determinado coñecese todas as forzas que animan a natureza, así como a situación respectiva dos seres que a compoñen, se ademais fose o suficientemente ampla como para someter a análise tales datos, podería abranguer nunha soa fórmula os movementos dos corpos máis grandes do Universo e os do átomo máis lixeiro; nada lle resultaría incerto e tanto o futuro coma o pasado estarían presentes ante os seus ollos».

P. -S. Laplace, *Ensaio filosófico sobre as probabilidades*.

- 1 A esta intelixencia omnisciente déuselle o nome de «demo de Laplace». Que relación ten co determinismo?
- 2 Que consecuencias teñen o mecanicismo e o determinismo na liberdade humana? Cres que se podería predicir o comportamento futuro das persoas se coñecésemos suficientemente os procesos neurolóxicos humanos?

En realidade, esta idea de Laplace é o resultado dun dos principios do mecanicismo, segundo o cal **todo canto sucede está determinado por unha causa.**

### A liberdade no ámbito moral

Fronte a este problema, Kant achega unha boa solución. El entende que mentres que o ámbito da natureza está rexido por ese completo determinismo que discorre cunha necesidade inalterable, a liberdade ten o seu lugar propio **no dominio do moral.**

A liberdade é a característica principal do espírito, de modo que o principio de libre actuación e de libre decisión pertence estruturalmente á existencia humana.


O feito da transformación histórica do mundo demostra que **non todos os fenómenos están rigorosamente predeterminados por leis físicas inexorables,** senón que é posible o despregamento de novas posibilidades de organización en virtude da acción humana.

#### Textualmente

«Se os homes non tivesen experiencia de que facemos moitas cousas das que despois nos arrepentimos, e de que, a miúdo, cando hai en nós conflito entre afectos contrarios, recoñecemos o que é mellor e facemos o que é peor, nada impediría que cresen que o facemos todo libremente. Así, o neno cre que lle apetéce libremente o leite; o rapaz irritado, que quere libremente a vinganza, e o tímido, a fuga. Tamén o ebrio cre dicir por libre decisión da alma o que, xa sobrio, quixera calar, e así mesmo o que delira, a lingoreiteira, o neno e outros moitos destas características cren falar por libre decisión da alma, sendo así que non poden reprimir o impulso que os fai falar. De modo que a experiencia mesma, non menos claramente que a razón, ensina que os homes cren ser libres só a causa de que son conscientes das súas accións e ignorantes das causas que as determinan, e, ademais, porque as decisións da alma non son outra cousa que os apetitos mesmos».

B. Spinoza, *Ética demostrada segundo a orde xeométrica*, III, proposición 2.

- 1 Cres que neste texto se expón a posición dunha persoa determinista? Razoa a túa resposta.
- 2 Poderías poñer algún exemplo contrario aos que formula Spinoza para defender que a liberdade non é simplemente unha ilusión?
- 3 Comenta este enunciado que aparece no texto: «os homes cren ser libres só a causa de que son conscientes das súas accións e ignorantes das causas que as determinan».



*Segundo Spinoza, non somos libres, senón que descoñecemos as causas das nosas accións; por exemplo, non falamos por libre decisión, senón porque non podemos evitalo.*

#### Actividades

- 1 Podería o modelo organicista de comprensión da natureza ser determinista? Razoa a túa resposta.
- 2 Que significa que un feito ou un acontecemento é necesario? Diferencia a necesidade do azar e da continxencia.
- 3 Explica a relación entre o mecanicismo e o determinismo. Por que desde ambos os dous se rexeita a posibilidade da liberdade como unha ilusión?
- 4 Que solución propón Kant para facer compatibles o determinismo da natureza e a liberdade do ser humano?

## Os problemas da metafísica crítica

### 3.1. Lóxica e metafísica

Entre as achegas máis significativas da obra de Aristóteles hai que destacar a organización e a articulación que leva a cabo das ciencias, ás que precede a lóxica, que constitúe o principal instrumento do coñecemento científico.

**Lóxica** é, pois, o nome co que Aristóteles designa o estudo das formas da dedución correcta. Esta definición aparece na súa obra *Analíticos primeiros*, pero non é a única posible, pois, mesmo para Aristóteles, existe tamén unha lóxica da indución.

Por outra parte, hase de ter en conta que, en rigor, a lóxica, para Aristóteles, non se ocupa só do modo de razoer correctamente, senón, dun xeito máis concreto, das expresións deses razoamentos nunha linguaxe. Só sobre **proposicións** ou **enunciados** é posible realizar o traballo de análise do que poden obterse regras explícitas e precisas de uso, que é a tarefa da lóxica.

Non obstante, o obxecto da lóxica de Aristóteles non é exclusivamente metodolóxico. A súa principal misión é, sen lugar a dúbidas, mostrar o camiño a través do cal é posible alcanzar o coñecemento verdadeiro. Pero o auténtico valor da lóxica é o de ser unha propedéutica, ou sexa, converterse nunha especie de **guía** para o logro correcto do coñecemento da realidade.

E esta tarefa esixe non desligar as formas correctas do razoamento (das que se ocupa a lóxica) da realidade dos seus propios obxectos de investigación: o ser, os entes, as esencias, as causas e os demais conceptos dos que se ocupa a metafísica.

Noutras palabras, a lóxica aristotélica está intimamente ligada aos principios metafísicos, supostos polo conxunto das disciplinas filosóficas. Polo tanto, a lóxica debe comprenderse **en conexión coa metafísica** como teoría da substancia e como fundamento xeral das ciencias.

#### Glosario

**Proposición:** en lóxica, constitúe a forma máis elemental do discurso, calquera que sexa o seu aspecto gramatical. Na súa obra *Sobre a interpretación*, Aristóteles distingue catro clases de proposicións: afirmativas, negativas, particulares e universais. Entre elas establécense tres clases de relacións: contraditorias, contrarias e subcontrarias. Para as dúas primeiras clases de relacións é válido o principio de contradición, segundo o cal unha das dúas proposicións ten que ser falsa e a outra verdadeira, principio que non pode aplicarse ás proposicións que están en relación subcontraria.

### 3.2. Categorías e modos de ser

Os elementos últimos do pensamento, tal e como se expresan na linguaxe (que é a partir de onde a lóxica aristotélica os estuda), non son só as proposicións (combinacións termos ou de palabras) e as deducións (combinacións proposicións), senón tamén, e máis orixinariamente aínda, os termos ou as palabras.

Do estudo dos termos e da súa clasificación ocúpase Aristóteles na súa obra *Categorías*.

A este respecto, hase de ter moi en conta que o estudo que Aristóteles leva a cabo dos termos ou das palabras non é meramente lingüístico ou lóxico, senón tamén metafísico ou ontolóxico.

Para Aristóteles, unha **palabra** non pode ser usada correctamente sen relacionala co obxecto ou a realidade que designa ou expresa. O seu estudo dos termos ten, pois, en conta, ante todo, o que pode dicirse ou predicarse das cousas que neles se nomean ou se expresan.

A **categoría** defínese como a noción ou as nocións que poden servir para expresar en conceptos, ordenada e lóxicamente estruturados, o resultado dunha investigación nun ámbito determinado.

Para distinguir, pois, o sentido que en Aristóteles ten o termo «categoría» dos usos que del se farán despois, é conveniente levar a cabo as seguintes precisións:

- A categoría é sempre a **obxectivación do coñecemento**.
- As categorías son as condicións da razón investigadora, en tanto que impón sobre o seu obxecto as súas propias formas de operar e as determinacións que xermolan da súa actividade. Neste sentido, a categoría é **pauta do coñecemento**.
- As categorías pódense entender tamén como **os atributos ou as propiedades dos obxectos** que poden ser investigados e adoptados como pauta en investigacións posteriores.

#### Glosario

**Categorías:** son as formas xenéricas das diversas relacións que poden establecerse entre os seres ou entre as ideas. Na lóxica de Aristóteles, o termo «categorías» equivale ao de «predicados». Fai referencia a certas propiedades reais do obxecto non sempre captadas polo entendemento que o analiza e que as obxectiva en conceptos e en palabras, que son os predicados propiamente ditos. Para Kant, en cambio, as categorías son os elementos a priori que o entendemento achega na configuración das percepcións, elevándoas ao rango de coñecemento intelectual.

Aristóteles establece a súa táboa das categorías a partir dos modelos de predicación lingüística, na que o suxeito é o elemento substancial do que se predicán atributos distintos, os cales poden facerse entrar no significado dalgunha das categorías. Existe, polo tanto, un paralelismo, aínda que non exacto, entre as categorías do ser ou da realidade e as categorías da linguaxe.

### 3.3. Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais

A discusión, que tivo lugar sobre todo durante a Idade Media, acerca do tipo de realidade que corresponde aos conceptos universais, comezou a partir das propostas que Aristóteles desenvolveu sobre os devanditos conceptos universais no seu libro *Categorías*.

Ao considerar que o obxecto da filosofía é pensar o mundo mediante conceptos, é preciso aclarar, ante todo, o tipo de relación que os conceptos xerais que imos utilizar manteñen coas entidades físicas ás que se refiren.

Acerca desa cuestión, establecéronse principalmente as seguintes tres posicións:

- O **realismo**, no que se afirma a existencia independente dos universais como realidades metafísicas en si.
- O **nominalismo**, no que se conciben os conceptos universais tan só como nomes ou como palabras referidas a conxuntos de obxectos.
- O **conceptualismo**, que constitúe a posición conciliadora entre as dúas anteriores. Segundo esta postura, os conceptos universais non son nin meros nomes nin tampouco realidades metafísicas existentes nun mundo máis alá das aparencias, senón que existen nas cousas singulares e nas entidades físicas.

O conceptualismo foi a posición que rematou impoñéndose como a máis razoable, aínda que, finalmente, o acordo non resultou unánime.

#### Glosario

**Universais:** durante a Idade Media discutiuse sobre se as ideas xerais ou conceptos universais teñen existencia real de carácter metafísico ou se son meras imaxes mentais ou nomes. Para Tomé de Aquino, o concepto non ten existencia tal como é concibido pola mente, pero si corresponde á forma, que existe na cousa en estado individualizado e é convertida en concepto pola abstracción. Pola súa banda, Guillermo de Ockham distingue o significado real, que se refire ao individual, e o significado gramatical, que é relativo ás palabras ou termos.

Dende esta postura, deféndese que, por exemplo, a «humanidade» só ten existencia neste ou naquel ser humano concreto, mentres que a universalidade que se atribúe á humanidade como concepto é un resultado da abstracción e, polo tanto, unha operación subxectiva.

Por iso, o concepto non ten unha existencia metafísica tal como é concibido pola mente (negación do realismo dos universais), aínda que si corresponde a algo que teñen as cousas.

O que acontece é que —como xa dixera Aristóteles—, a forma, que existe na cousa singular nun estado individualizado, é **abstraída e convertida en concepto** por unha operación intelectual do suxeito.

O fundamento obxectivo do concepto universal é, así, a **esencia obxectiva e individual da cousa** (universal nas cousas), que, liberada das súas concrecións físicas pola actividade da mente, é considerada en abstracto baixo a forma dun concepto universal.

En consecuencia, esta solución ao problema dos universais obriga a admitir a abstracción como explicación da formación dos conceptos mediante os que opera o coñecemento.

Esta foi a posición fundamental que se sostivo na filosofía escolástica, que, tras o seu florecemento durante os séculos centrais da Idade Media, prolongouse ata os nosos días no que se deu en chamar o «neotomismo» ou a «neoescolástica».

#### Actividades

- 1 Que tres precisións fai Aristóteles do termo «categoría» para non o confundir con outras nocións?
- 2 Que diferencia o realismo, o nominalismo e o conceptualismo na discusión sobre os universais?

#### Glosario

**Nominalismo:** é unha das correntes de pensamento que, na Idade Media, se opuxo ao realismo na gran controversia sobre os universais. É a doutrina segundo a cal os conceptos universais ou abstractos non teñen realidade fóra da mente. Son meras palabras ou nomes. Só son reais as cousas singulares. Para explicar a súa formación, recórrese ao papel que desempeñan os signos, especialmente os signos lingüísticos. Estes fan posible a organización da nosa experiencia e do noso saber grazas á súa asociación máis ou menos artificial cos obxectos da experiencia.